



## CIRCULAR 70/2008

- A todas as Delegacións (\*)

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

### CAMPIONATO GALEGO DE CLUBES JUNIOR

**4 de outubro do 2008, Vilagarcía de Arousa**

**Art. 1)** O vindeiro sábado día 4 de outubro celebrarase nas pistas de Vilagarcía de Arousa o Campionato Galego de Clubes Junior, organizado pola Delegación da FGA en Pontevedra, co Patrocinio da Fundación para o Deporte do Concello de Vilagarcía e ca colaboración do Liceo Casino de Vilagarcía.

**Art. 2)** Poderán tomar parte no mesmo aqueles Clubes pertencentes á Federación Galega de Atletismo, *cada club estará representado por un atleta en cada proba e cada atleta poderá participar en 2 probas individuais (AGÁS 1500, 3000, 1500 Obs. e a marcha), 1 proba ind. e un relevo, ou os dos relevos.*

Os atletas xuvenís que formen parte dos equipos, poderán facer todas as probas agás obstáculos en homes e mulleres. A suma de ambas as dúas carreiras non poderán pasar de 210 m.

**Art.3).** Realizarase unha clasificación individual e outra por equipos. Na clasificación por equipos existirá un campión na **categoría masculina** e outro na **categoría feminina** e da mesma maneira existirá un título honorífico de *millor clube galego do campionato* para o clube que obteña unha maior puntuación en ámbalas dúas.

**Art.4)** O programa de probas a disputar será o seguinte:

#### **Homes:**

100, 200, 400, 800, 1.500, 3.000, 110m.v. (1,00), 400 m.v. (0,914) 3.000 m.Obstác.,  
ALTURA, LONXITUDE, TRIPLE, PERTEGA, PESO (6 kg), DISCO (1,750 kg),  
XAVALINA (800 gr), MARTELO (6kg), 5 Km.Marcha, 4x100 e 4x400 m.

#### **Mulleres:**

100, 200, 400, 800, 1.500, 3.000, 100v (0,94), 400v. (0,762), 3.000 m. Obst. (0,762),  
5 Km.MARCHA, LONXITUDE, TRIPLE, ALTURA,, PERTEGA, PESO (4kg), DISCO  
(1kg), XAVALINA (600g), MARTELO (4kg), 4x100 y 4x400 m.

**Art. 5.)** O sistema de puntuación establecerase outorgando ó primeiro atleta N puntos, sendo N o número de equipos participantes; ó segundo N-1; ó terceiro N-2... e así sucesivamente. O equipo que obteña maior número de puntos proclamarase Campión Galego e así sucesivamente. Caso de empate analizarase os primeiros postos conquistados para establecer o campión. En caso de persistir o empate serán analizados os segundos postos, etc.

**Art.6.)** O Delegado oficial de cada Club poderá efectuar un máximo de 5 trocos na composición do seu equipo ata 45 minutos antes do comezo de cada proba respectiva.



# Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [gestion@fgatletismo.com](mailto:gestion@fgatletismo.com) [www.atletismoogalego.org](http://www.atletismoogalego.org)



**Art.7)** O sorteo de rúas e orde de actuación nos concursos realizaráse, proba por proba, na Secretaría da competición.

**Art.8)** O prazo de inscrición para os equipos interesados en participar rematará o día **30 de setembro**. As inscricións poderanse facer por fax 981-292056 ou por email [gestion@fgatletismo.com](mailto:gestion@fgatletismo.com)

**Art.9)** Os atletas disporán de catro intentos nos concursos agas nos saltos verticais

**Art.10) Alturas dos listóns:** Colocaranse a altura máis baixa das solicitadas polos atletas sempre que sexa múltiplo de 10 e subíndose cunha cadencia de 10 en 10 cms. para as probas de altura e de 30 en 30 cms. para a proba de pértiga, ata enlazar ca seguinte progresión:

<b>Altura Mulleres</b>	1,35	1,40	1,45	1,50	1,55	1,58	1,61	1,64	3/3
<b>Altura Homes</b>	1,60	1,65	1,70	1,75	1,80	1,83	1,86	1,89	3/3
<b>Pértiga Homes</b>	2,80	3,00	3,20	3,40	3,50	3,60	3,70	3,80	5/5
<b>Pértiga Mulleres</b>	1,70	1,90	2,10	2,30	2,40	2,50	2,60	2,70	5/5

## Horario provisional:

HORARIO DO CAMPIONATO GALEGO DE CLUBS JUNIOR				
400 m. valados	HOMES	16.45	Altura	MULLERES
			Martelo 6 kg	HOMES
			Triple	HOMES
400 m. valados	MULLERES	16.55	Pértiga	HOMES
100 m.l.	MULLERES	17.00		
100 m.l.	HOMES	17.05		
200 m.l.	MULLERES	17.10		
200 m.l.	HOMES	17.15	Martelo 4 kg	MULLERES
			Triple	MULLERES
400 m.l.	MULLERES	17.20		
400 m.l.	HOMES	17.25		
800 m.l.	MULLERES	17.30		
800 m.l.	HOMES	17.35		
110 m.valados 1,067	HOMES	17.45		
100 m.valados 0,762	MULLERES	17.55	Altura	HOMES
			Disco 1,750	HOMES
			Lonxitude	HOMES
5 km. Marcha	HOMES (rúa 1)	18.00		
5 Km. Marcha	MULLERES (rúa 5)			
		18.25	Disco 1 kg	MULLERES
			Lonxitude	MULLERES
			Pértiga	MULLERES
1.500 m.l.	MULLERES	18.30		
1.500 m.l.	HOMES	18.35		
3.000 m. Obstac	HOMES	18.40		
3.000 m. Obstac.	MULLERES	18.55		
		19.05	Xavalina 800	HOMES
			Peso 6 kg	HOMES
3.000 m.l.	MULLERES	19.15		
3.000 m.l.	HOMES	19.30		
		19.35	Xavalina 600	MULLERES
			Peso 4 kg	MULLERES
4 x 400	MULLERES	19.45		
4 x 400	HOMES	19.55		



# Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 - Fax:  
981-292056. Correo: [aestion@faatletismo.com](mailto:aestion@faatletismo.com) [www.atletismoqalego.org](http://www.atletismoqalego.org)



4 x 100	MULLERES	20.05		
4 x 100	HOMES	20.10		

A Coruña, 22 de Setembro de 2008  
Victor Arufe Giráldez  
Secretario Xeral FGA